

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**10752** *Corrección de erros do Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito.*

Advertidos erros no Real decreto lei 9/2009, do 26 de xuño, sobre reestruturación bancaria e reforzamento dos recursos propios das entidades de crédito, publicado no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega número 155, do 27 de xuño de 2009, procédese a efectuar as oportunas rectificacións:

Na páxina 9, artigo 3, número 4.b), onde di: «... Comisión de Economía...», debe dicir: «... Comisión de Economía e Facenda...».

Na páxina 12, artigo 7, número 6, parágrafo inicial, onde di: «Os investimentos que realice o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria en execución dun plan de reestruturación non estarán suxeitas ás limitacións ou obrigas legais aplicables no caso de axudas a cargo dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, incluídas, en todo caso, as seguintes:», debe dicir: «Os investimentos que realice o Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria en execución dun plan de reestruturación non estarán suxeitas ás limitacións ou obrigas legais non aplicables no caso de axudas a cargo dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito, incluídas, en todo caso, as seguintes:».

Na páxina 15, disposición adicional primeira, onde di: «Réxime xurídico das garantías constituídas a favor do Fondo de Reestruturación Bancaria ou dos fondos de garantía de depósitos en entidades de crédito», debe dicir: «Réxime xurídico das garantías constituídas a favor do Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria ou dos Fondos de Garantía de Depósitos en Entidades de Crédito».

Na páxina 16, disposición derradeira segunda. Un a), onde di: «... artigo 1.8...» debe dicir: «... artigo 1...».

Na páxina 17, disposición derradeira terceira, no número 8 do artigo 7 da Lei 13/1985 que se modifica, onde di «Lei 26/1988, de disciplina e intervención das entidades de crédito», debe dicir: «Lei 26/1988, do 29 de xullo, sobre disciplina e intervención das entidades de crédito».